

A PREHISTORIA EN CANGAS

Son moitas as investigacións que sitúan hai 300.000 anos a entrada en Europa das primeiras colonias humanas. O home, en efecto, produto final da evolución, aparece en Asia e se vai estendendo polo mundo. En Galicia podería cifrarse a súa entrada sobre os anos 100.000 a. C.

IDADE DE PEDRA

- **Paleolítico** (período máis antigo) deica o ano 8000 a.C.
- **Mesolítico** (período medio) do 8000 a.C. ata o ano 4000 a.C.
- **Neolítico** (período máis moderno) do ano 4000 a.C. ata o ano 1900 a.C.

O home do Paleolítico é un home que pouco a pouco vai adquirindo as características físicas e psicolóxicas (capacidade do cerebro, conducta, etc.) do home actual. A súa vida e a súa economía esta feita, sobre da caza e a recolleita de froitos silvestres. É un home nómade que non ten unha instalación definitiva senón que viaxa e se despraza segundo as posibilidades de subsistencia. Os seus instrumentos e armas eran de pedra tallada, é dicir, golpeada un pouco para facer que o seixo tomara unha forma aproximada de machada, punta de frecha, arpón, etc.

En Balea, Melide, Nerga, Donón, As Eiras, A Portela, San Roque e Coiro atopáronse restos que poden pertencer a este período.

Despois do período Mesolítico, que é unha transición entre os dous principais da Idade de Pedra ven o Neolítico momento en que aparece unha grande revolución na vida do home: aprende este a cultivar a terra, recollendo os froitos despois de labrar e sementar, a domesticar animais, comezando así a gandería, a instalarse de xeito permanente nun territorio. O nómade ou viaxeiro faise agricultor e gandeiro formando tribos e colonias. Traballa a pedra xa doutra maneira, pulíndoa, para os seus instrumentos e ferramentas.

Nesta época ten lugar a cultura Megalítica (ou das grandes pedras) que se estende polo Mediterráneo e Europa con grandes monumentos de pedra. En Galicia son as mámoas e antas, que tantos nomes diferentes reciben. Abondan os restos desta época, por exemplo puntas de frecha, raspadores, machadas, cerámica, etc. que, no que fai a Cangas foron atopados en Nerga, Punta de Eirexiña, As Forcadas, etc.

IDADE DOS METAIS

- **Bronce**, do ano 1900 a.C. ao 700 a.C.
- **Ferro**, a partir do ano 700 a.C.

O traballo dos metais que xa se iniciara na Idade de Pedra, perfecciónase coa aparición do Bronce. O período do Bronce dura aproximadamente entre o 1900 e o 700 a. C.

As ferramentas de bronce son moito mais duras ca as de cobre ou estaño usadas anteriormente. A sociedade faise mais xerarquizada mais dividida en castes e divisións de poder xa se trate da organización das poboacións ou do terreo relixioso e guerreiro. O desenvolvemento técnico vai creando un forte comercio e unhas relacións con países veciños que ás veces son pacíficas, mais outras veces motivado ás disputas pola riqueza, desembocan en guerras.

A partir desta época espállanse os petróglifos ou gravados na pedra, que tanto abundan en Galicia. Son numerosos os atopados en Cangas como: Outeiro do Río, Loureiro, Monte Pereira e Monte Peralta, San Amaro, Ervello e outros lugares da parroquia de Aldán, O Castelo, Laxe da Chan, Pinal do Rei, O Lago, Monte da Vixía e outros da parroquia de Darbo, Monte Liboreiro e A Portela, de Coiro, Mogüelos, O Facho, Os Castros, Eirexiña, Outeiro do Mouro, Os Olleiros, Viñó, O Outeiriño, A Laxe, O Pereiro, A Alada, A Sinllosa, A Fonte Milla e moitos outros da parroquia de Hío.

A partir do ano 700 comeza a expansión do ferro, que lle dá nome ao período. Pobos de orixe centroeuropea como os celtas espállanse por Europa gracias a súa superioridade guerreira producida polas armas de ferro.

A organización da sociedade é moi semellante á actual, perfeccionándose a pesca e o cultivo das legumes, producíndose fariña de castañas ou de landras. A gandería de cabras, ovellas e cabalos desenvólvese moito e o comercio de metais, alimentos e cerámica medra extraordinariamente.

A necesidade de defensa nas guerras da lugar aos castros e citanias, construídos nos outeiros.

Da Idade de Ferro atopáronse restos en Monte do Chan, O Castelo, O Cunchido, Eirexiña e numerosos puntos relacionados con castros, nome que moitos deles conservan (Monte do Castro, Tomadas do Castro, Os Castros, Castrelín, Castrillón, Aldea Castro, etc.).

A invasión romana dará fin a este período para entrar xa na historia propiamente dita. A romanización atopará unha forte resistencia nos nativos mais, sen grande dificultade debido á súa superioridade técnica e militar, os latinos instalaranse por todo o territorio conquistado logrando unha importante integración coa poboación indíxena.

OS PETRÓGLIFOS

Os petróglifos ou gravados rupestres son gravados feitos nas penas ou nas laxes, maiormente polos homes primitivos no tempo da prehistoria. En Galicia son moi abundantes, sobre todo nas rías de Pontevedra, atopándose en xeral preto do mar ou dos ríos, en terras non moi altas coma os outeiros.

Estes gravados son as máis das veces debuxos xeométricos e esquemáticos (círculos, coviñas, espirais, labirintos, cadrados, etc.), aínda que aparecen tamén representacións de figuras humanas e de animais (corvos, cabalos, serpes ...) e de obxectos (escudos, puñais, machadas, etc.).

É moi difícil determinar o momento en que foron feitos estes gravados. Podemos dicir, dun xeito aproximado, que apareceron nunha época comprendida máis ou menos entre o ano 2.000 e o 500 antes de Cristo aínda que cada tipo de representación ten o seu período aproximado particular (por exemplo as coviñas veñen de antes e duran deica os comezos da era cristiá, as machadas sitúanse entre o 2.000 e o 1.500 antes de Cristo, os corvos entre o 2.500 e o 500 a. de C., os labirintos entre o 1.000 e o 500 a. de C., etc.


Sobre o seu significado ou a súa función moi pouco sabemos. Algúns gravados posiblemente estean relacionados con formas de culto ao sol ou co mundo dos mortos, outros representan escenas da vida dos cervos, de caza ou de monta.

Hai investigadores que, baseándose na semellanza de petróglifos galegos con outros das illas Británicas ou das Canarias, sosteñen, sen que polo momento se teña podido demostrar con certeza, que na Prehistoria houbo relacións entre os pobos atlánticos.

Embaixo reproducimos a Pedra do Pinal do Rei, en San Pedro. Nunha grande pena duns oito metros de diámetro hai moitos gravados, destacando varias combinacións de círculos, animais, fornos, coviñas, escenas de caza e de monta, asociacións entre círculos e animais, etc.



Embaixo vemos a Laxe de Outeiro de Río Loureiro, en Ervello. Destaca o conxunto composto por coviñas e unha figura de forma humana con casco de cornos, escudo e espada mirando en actitude de ataque ou defensa cara a unha especie de cabana.



Publicado en: "A Gavota" Nº 1. Revista Cultural do Axuntamento de Cangas. Xaneiro, 1983.

Textos e debuxos tirados de:

- A. de la Peña Santos e J. M. Vázquez Varela: "*Los petroglifos gallegos*". Edicións do Castro. A Coruña, 1979.
- A. García Alén e A. de la Peña Santos: "*Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*". A Coruña, 1980.